QUINTA.- Facturas que son obxecto de reparo suspensivo por aplicación do artigo 216.2.c) do TRLFL dado o incumprimento dos artigos 118 y 131.3 da LCSP e da base 26ª das de execución do orzamento xeral prorrogado para o exercicio 2026.

O artigo 118 da LCSP establece que:

> ***"****1. Se consideran contratos menores los contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cuando se trate de contratos de obras, o a 15.000 euros, cuando se trate de contratos de suministro o de servicios, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 229 en relación con las obras, servicios y suministros centralizados en el ámbito estatal.*
> *2. En los contratos menores la tramitación del expediente exigirá la emisión de un informe del órgano de contratación justificando de manera motivada la necesidad del contrato y que no se está alterando su objeto con el fin de evitar la aplicación de los umbrales descritos en el apartado anterior.*
> *3. Asimismo se requerirá la aprobación del gasto y la incorporación al mismo de la factura correspondiente, que deberá reunir los requisitos que las normas de desarrollo de esta Ley establezcan.*
> *4. En el contrato menor de obras, deberá añadirse, además, el presupuesto de las obras, sin perjuicio de que deba existir el correspondiente proyecto cuando sea requerido por las disposiciones vigentes. Deberá igualmente solicitarse el informe de las oficinas o unidades de supervisión a que se refiere el artículo 235 cuando el trabajo afecte a la estabilidad, seguridad o estanqueidad de la obra.*
> *5. Lo dispuesto en el apartado 2.º de este artículo no será de aplicación en aquellos contratos cuyo pago se verifique a través del sistema de anticipos de caja fija u otro similar para realizar pagos menores, siempre y cuando el valor estimado del contrato no exceda de 5.000 euros.*
> *6. Los contratos menores se publicarán en la forma prevista en el artículo 63.4."*

No que respecta ao procedemento o artigo 131.3 da LSCP dispón:

> ***"****(…) 3. Los contratos menores podrán adjudicarse directamente a cualquier empresario con capacidad de obrar y que cuente con la habilitación profesional necesaria para realizar la prestación, cumpliendo con las normas establecidas en el artículo 118. (…)"*

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

A base 26ª das de Execución do Orzamento Xeral prorrogado para o exercicio 2026 regula os contratos menores nos seguintes termos:

> *"Os expedientes de contratación administrativa axustaranse ás disposicións contidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e demais normativa de aplicación, coas seguintes especialidades:*
> *1. Antes da aprobación dun proxecto de obra redactado por un técnico contratado para o efecto, o órgano de contratación deberá solicitar un informe do técnico municipal competente para a súa supervisión co fin de que o examine detidamente e vixíe o cumprimento das normas reguladoras da materia.*
> *2. Con respecto á tramitación de expedientes de contratos menores, atenderase ás seguintes normas:*
> *En ningún caso poderán considerarse contratos menores aqueles que correspondan a partes ou fases dun mesmo obxecto.*
> *Deberá xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. Dito extremo haberá de ser informado por parte do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor. Se non se cumpre este requisito a contratación será obxecto de reparo suspensivo pola intervención municipal.*
> *Corresponderá a quen propoña a realización dun contrato menor verificar previamente a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa tramitación, mediante a incorporación do documento contable de Retención de créditos polo importe da proposta.*
> *Os contratos menores terán unha duración inferior ao ano, procurándose a súa imputación ao exercicio orzamentario no que se realiza a prestación, ademais non poderán ser obxecto de prorroga, revisión de prezos ou fraccionamento.*
> *Admitiranse pagos parciais para esta modalidade de contratos.*
> *A tramitación como contrato menor esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.*
> *No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 118 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanqueidad da obra.*
> *Os contratos menores poderán adxudicarse a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, a oferta máis vantaxosa de un mínimo de tres, salvo xustificación que motive a solicitude dunha única oferta."*

Ao abeiro dos artigos 219.1 do TRLFL e 17.b do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local os contratos menores non están sometidos a fiscalización previa polo que non estamos ante o suposto de omisión de fiscalización regulado no artigo 28 de dito texto normativo.

Nembargantes, dada a vulneración dos artigos 118 e 131.3 da LCSP e do procedemento regulado na base 26ª das de execución do orzamento xeral prorrogado, fiscalizo de disconformidade con emisión de **reparo suspensivo por aplicación do artigo 216.2.c) do TRLFL as seguintes facturas**:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
F/2025/3596	03/12/2025	1000289V2500115	30/11/2025	1.551,12	B15141054	LEGAMO INFRAESTRUCTURA VERDE, S.L.	TALA Y RETIRADA DE PALMERA EN LA ZONA DE A PATIÑA.	1721	22699
F/2025/3839	18/12/2025	25 14903	05/12/2025	394,65	B36547495	LANDIN INFORMATICA, S.L.	SUSCRIPCION MENSUAL A3 EQUIPO GESTION DEL TIEMPO PLUS PYME DE 01-11-2025 A 01-12-2025	920	21600
F/2026/515	06/02/2026	INV/2025/4	23/12/2025	1.920,00	35320126S	TOURON GIL AGUSTIN	SERVICIOS DE STREAMING PLENOS 2023 Y 2024	920	22799
F/2026/516	06/02/2026	INV/2025/5	23/12/2025	1.161,60	35320126S	TOURON GIL AGUSTIN	SERVICIOS DE STREAMING DE PLENOS 2025	920	22799
				5.027,37					

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

SEXTA.- As facturas emitidas ao abeiro de ordes de continuidade dos contratos verbais prestados e declarados nulos de pleno dereito son obxecto de reparo suspensivo ao abeiro do artigo 216.2.c) e 216.2.d) do TRLFL.

O Pleno da Corporación, en sesión de data 31.07.2024, acordou declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGARSERVI SL., así como a continuidade na prestación do servizo, nos mesmos termos en que se viña desempeñando, ata que se adoptasen as medidas necesarias para evitar o prexuízo que se deriva do grave trastorno ao servizo público provocado pola declaración de nulidade.

No informe de intervención referencia LMR CONTINUIDADE AUGASERVI/2024 có asunto Informe de intervención complementario ao informe-proposta referido á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L. asinado por esta intervención o 17.07.2024 (CVD: 4BVtVG0t0q+jDYEJAjE0) indícase que *"(…)* ***as facturas que se deriven a orde de continuidade serán obxecto de reparo suspensivo por aplicación do artigo 216.2.c) do TRLFL****. Asemade,* ***de ningún xeito poderán contemplar revisión de prezos xa que o artigo 42.3 da LCSP*** *refírese á "...continuación de los efectos de aquel y bajo sus mismas cláusulas..." e o feito de que a mercantil AUGASERVI SL estivese a emitir facturas que foron aceptadas e abonadas polo Concello de Cambre demostra a existencia dun "acordo de voluntades" entre ambas partes. (.../...)"*

Segundo o indicado no informe da interventora titular, referencia LMR - providencia- facturas TEDEC 2025/T003/000676, de data 13.03.2025 (CVD: FarT+z/rDBIgrh+cJ4tR), *as facturas son obxecto de* ***reparo suspensivo ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL*** *polos seguintes motivos:*

"- Emítense ao abeiro de orde de continuidade de contratos declarados nulos de pleno dereito que, lonxe de limitarse ao periodo temporal imprescindible para a adopción de medidas urxentes tal e como esixe o artigo 42 da LCSP, perpetuase no tempo.

- Debería excluirse o beneficio industrial ao non concurrir a boa fe para cuxa valoración tomase como referencia a sentenza de 12.11.2021 da sala do contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (No de Recurso: 7071/2021; No de Resolucion: 444/2021) .

- Especificamente para a factura de AUGASERVI, SL: os servizos técnicos municipais non comprobaron se procede a penalización prevista se a porcentaxe de aproveitamento medio no trimestre foi inferior ao 70%, o custe enerxético foi asumido de xeito irregular polo Concello de Cambre dende o inicio do contrato e os ingresos que percibiu en concepto de instalación de acometidas e contadores corresponden ao Concello de Cambre (ver informe de intervención có CVD: WvAO535nZYRtZT7NPjE0)."

O enxeñeiro de obras públicas interino, indica no informe emitido con data 25.02.2026 (CVD: owHiSCC6nzHAQo7SgoS+), en relación coa factura conformada que:

> *"(…) 3. La factura por la gestión del servicio municipal de agua y alcantarillado del 3º trimestre de 2025, por un importe, IVA incluido, de 115.195,19€ (95.202,64€, sin IVA), corresponde con los 433.984,00 m3 de agua suministrada y cobrada en este trimestre.*
>
> *Este precio lo viene aplicando la empresa AUGASERVI, S.L. en su facturación desde el año 2005 hasta la actualidad, constando al respecto informe del Jefe de la Sección de Servicios de fecha 09/02/2024 (exp. 2023/T003/004601), en el que se observa que los precios aplicados en estas facturas son inferiores a los de otros municipios y al estimado en el estudio de costes hecho por la empresa PWA, contratada en 2021 por este Ayuntamiento para el asesoramiento en materia del ciclo integral del agua, por lo que se puede considerar que el importe facturado al menos se corresponde con precios mínimos de mercado.*
>
> ***Conclusión:***
>
> *En base a lo expuesto, revisada la documentación justificativa de la realización efectiva del servicio, se concluye que la prestación del servicio correspondiente al 3º trimestre de 2025 se ha realizado correctamente,*

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

y que su importe se ajusta al menos a precios mínimos de mercado. Por tanto, desde el punto de vista del técnico que suscribe, no se observa impedimento para proceder a su abono. (…) "

Por isto, tendo en conta o informe emitido pola interventora titular con motivo da orde de continuidade, emítese, ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL, un reparo suspensivo á seguinte factura, xa que a valoración da concurrencia dun grave trastorno ao servizo publico debe examinarse con cautela e de forma excepcional, en función do caso concreto, evitando que o interese xeral poida converterse, sen máis, nun comodín que permita dar cobertura xenérica para continuar a execución do contrato público, a pesar da declaración de nulidade, xa que o que debería ter sido unha medida limitada estrictamente ao tempo preciso para tomar as decisións que asegurasen a boa marcha dos citados servizos se está a perpetuar sen que se teña constancia de actuacións encamiñadas a solventar a irregularidade da situación.

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
F/2026/576	18/02/2026	FV2026 25	18/02/2026	115.195,19	B15359383	AUGASERVI, S.L.	CANON GESTIÓN SERVICIO MUNICIPAL DE AGUA Y ALCANTARILLADO TERCER TRIMESTRE 2025	161	22799

IV.- CONCLUSIÓNS.

1.- O artigo 31.2.a) do RD 500/1990 de 20 de abril dispón que a verificación da suficiencia do saldo de crédito deberá efectuarse, en todo caso, ao nivel a que estea establecida a vinculación xurídica do crédito. Salvo erro ou omisión involuntaria constátase a existencia de crédito axeitado e suficiente a nivel de bolsa de vinculación para os gastos aos que se refiren as consideracións Quinta e Sexta.

2.- Son obxecto de **reparo suspensivo, ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL (omisión no expediente de trámites ou requisitos esenciais), as facturas detalladas na consideración xurídica Quinta e Sexta** polos motivos e incumprimentos sinalados.

3.- A acción de enriquecemento inxusto debe ter carácter subsidiario. Con todo, o carácter subsidiario e excepcional que, por natureza, debe ter a acción de enriquecemento, non se cumpre. Esta figura pasou de ser "de uso excepcional" a unha práctica habitual do funcionamento das nosas institucións públicas, isto é "de abuso xeral".

O uso abusivo do enriquecemento inxusto "normaliza" a fuxida da lexítima condición de contratista polos leitos legais (procedementos de licitación con publicidade e concorrencia competitiva), e abre a porta aos conflitos de intereses ao "lexitimar" pagos por encargo á marxe dos devanditos leitos legais, en colisión frontal cos principios xerais da Unión Europea de igualdade, transparencia e libre concorrencia, así como coas regras que protexen a libre competencia no normal funcionamento dos mercados. Á súa vez, o abuso desta vía impide ou dificulta excesivamente o control da execución da prestación xa que, en moitos casos tan só existirá unha comprobación formal da investimento pero non material do acomodo real do encargo ás necesidades da Administración e a satisfacción desta.

Cabe destacar o presumible quebranto económico que o uso abusivo do enriquecemento inxusto pode ocasionar. O prexuízo que para as arcas públicas supoñen os encargos de prestacións sen concorrencia competitiva e, polo tanto, sen que exista unha comparativa de prezos que permitan equiparar o seu prezo ao seu xusto valor de mercado, poñendo en tela de xuicio os principios de necesidade, eficacia, eficiencia e economía que, entre outros, deben guiar o gasto público.

Os fondos utilizados por calquera Administración son públicos, é dicir, de todos os cidadáns e precisamente por iso non poden ser manexados sen cumprir unha serie de requisitos mínimos establecidos pola lei para asegurar que a Administración Pública sirva con obxectividade os intereses xerais e actúe dacordo con os principios de eficacia, jerarquia, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito (art.103 Constitución).

4.- A última cuestión que procede abordar é a relativa á posible responsabilidade das autoridades e funcionarios derivada das contratacións irregulares, e respecto diso pódense facer as seguintes consideracións:

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

O artigo 78 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local dispón que os membros das Corporacións locais están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do seu cargo. Tales responsabilidades esixiranse ante os Tribunais de xustiza competentes e tramitaranse polo procedemento común aplicable.

Así mesmo, o apartado terceiro do mesmo artigo indica que as Corporacións Locais poderán esixir a responsabilidade dos seus membros cando por dolo ou culpa grave, causasen danos e prexuízos á Corporación ou a terceiros, se estes fosen indemnizados por aquela.

A esixencia de responsabilidade a que alude o parágrafo anterior concrétase na responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo da Administración recollido nos arts. 36 e ss. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e, a diferenza da responsabilidade patrimonial da Administración, que ten carácter obxectivo, a das autoridades e persoal ao seu servizo ten carácter subxectivo, polo que require a concorrencia de dolo ou culpa ou ben descoido grave (SSTS de 23-09-1994 e 10-05-2000).

Con todo, para poder esixir a responsabilidade subxectiva á que alude o parágrafo precedente, será preciso que ademais de apreciar dolo, culpa ou descoido grave na actuación das autoridades e funcionarios, esta causase un dano efectivo e avaliable economicamente á Corporación ou a terceiros, se estes fosen indemnizados, tal como indica o apartado segundo do artigo 78 da Lei 7/1985.

O procedemento para o seu exercicio detállase na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e das citadas normas pódense deducir as seguintes conclusións:

-Os responsables dos actos emanados dun órgano unipersoal son quen os dita.
-Os responsables de actos ou acordos emanados dun órgano colexiado son quen votase a favor dos mesmos.
-A responsabilidade esixible o é na medida en que se causase dano ou prexuízo á Administración por dolo, culpa ou descoido grave. Non por descoñecemento, impericia, falta ou erro.
-Tamén é esixible a responsabilidade por danos ocasionados a terceiros, se estes foren indemnizados pola Administración como consecuencia da devandita culpa, dolo ou descoido grave de autoridades ou persoal dela dependente.
-A responsabilidade non pode ser esixida directamente de terceiros á autoridade ou persoal ao servizo da Administración. Os particulares, para ser resarcidos, deben dirixirse á Administración e só esta pode repetir ou derivar a responsabilidade, en procedemento interno, a quen considere susceptible de responsabilidade.
-A acción para esixir a responsabilidade patrimonial aos membros dunha Corporación local prescribe ao ano da adopción do acto ou acordo que motivou o dano indemnizable.
-En canto á responsabilidade penal rexen os prazos de prescrición do Código penal e da Lei de Axuizamento Criminal.

Así mesmo, é preciso sinalar que, en materia de contratos das Administracións Públicas habemos de remitirnos á Disposición Adicional 19ª do Real Decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e actualmente á Disposición adicional 28ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que diferencian entre:

a.- Responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo das AAPP derivada das súas actuacións en materia de contratación administrativa tanto por danos causados a particulares como á propia Administración que se esixirá conforme a regulación contida na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como na normativa regulamentaria de desenvolvemento da mesma.

b.- Responsabilidade disciplinaria do persoal ao servizo das AAPP, no caso de que infrinxa ou aplique indebidamente algún precepto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que se esixirá conforme á normativa especifica na materia.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Por último, partindo da suposición de que a contratación verbal e orde de execución das prestacións, é dicir, autorización e compromiso de gastos se realizase sen que existise crédito suficiente e adecuado no Orzamento da Corporación, é preciso aludir á responsabilidade persoal dos computadores de gastos e de pagos, e dos interventores cando non advirtan por escrito a súa improcedencia, de todo gasto que autoricen e de toda obrigación que recoñezan, liquiden ou paguen sen crédito suficiente, que se recolle no artigo 188 do TRLFL, que completa a redacción contida no artigo 173.5 da mesma norma e do 25.1 do RD 500/1990.

A doutrina considera que os compromisos de gastos sen consignación orzamentaria dan lugar a responsabilidade contable e poden constituír tamén malversación ou alcance se se dan os requisitos destes últimos ilícitos.

A diferenza entre unha e outra figura afecta á tramitación: así como o alcance compete en exclusiva ao Tribunal de Contas, as demais infraccións poden tramitarse pola Administración correspondente, mediante o procedemento de responsabilidade patrimonial previsto no artigo 36.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, pero en todo caso a entidade local que acorde a incoación do expediente comunicarao ao Tribunal de Contas.

Non podemos esquecer o regulado nos arts. 11 e 26 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de trasparencia, acceso á información pública e bo goberno, concretamente o art. 28.c) cualifica como infracción moi grave os compromisos de gasto, recoñecemento de obrigacións e ordenación de pagos sen crédito suficiente ou con infracción do disposto na Lei 47/2003 Xeral Orzamentaria, ou na de Orzamentos ou outra normativa preceptiva orzamentaria que sexa aplicable e o apartado d) cualifica cambien como infracción moi grave a omision do tramite de intervención previa dos gastos, obrigacións ou pagos cando esta resulte preceptiva ou do procedemento de resolución de discrepancias fronte a reparos suspensivos da intervención regulado na normativa orzamentaria .

En conclusión, tal e como establece o art. 103 da Constitución, a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa dacordo con os principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito polo que as autoridades e o persoal ao servizo da mesma están obrigados ao debido cumprimento da normativa de aplicación nos diversos ámbitos de actuación dentro das competencias públicas polo que se insta a ese cumprimento.

Advirto por escrito á Corporación que, de conformidade có artigo 5.2 do RD 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local:

> *"2. Cuando en la práctica de un control el órgano interventor actuante aprecie que los hechos acreditados o comprobados pudieran ser susceptibles de constituir una infracción administrativa o dar lugar a la exigencia de responsabilidades contables o penales lo pondrá en conocimiento del órgano competente, de acuerdo con las reglas que se establecen a continuación:*
>
> *a) Cuando los hechos pudieran ser constitutivos de delito, las responsabilidades se exigirán ante los Tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable, sin perjuicio de que el Tribunal de Cuentas conozca, en el ámbito de sus competencias, de aquellos hechos que hayan originado menoscabo de fondos públicos.*
>
> *b) En el caso de hechos que pudieran ser constitutivos de infracciones en materia de gestión económico-presupuestaria de las previstas en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, que no siendo constitutivas de delito afecten a presuntos responsables comprendidos en el ámbito de aplicación de la citada ley, dará traslado de las actuaciones al órgano competente, sin perjuicio de poner los hechos en conocimiento del Tribunal de Cuentas por si procediese, en su caso, la incoación del oportuno procedimiento de responsabilidad contable.*
>
> *c) En los restantes casos no comprendidos en los epígrafes a) y b) anteriores, se estará con carácter general a lo dispuesto en la Ley Orgánica 2/1982, de 12 de mayo, del Tribunal de Cuentas y en la Ley 7/1988, del 5 de abril, de Funcionamiento del Tribunal de Cuentas"*

Tendo en conta que son obxecto de reparo suspensivo, ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL (omisión no expediente de trámites ou requisitos esenciais), as facturas detalladas na consideración Quinta e Sexta, polos motivos e incumprimentos sinalados.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Tendo en conta o informe emitido polo administrador do sistema informático con data 17.04.2026 (CVD: wxq6JtlHqJaDVb3LtDwt), pola responsable da Axencia de Desenvolvemento Local en funcións de xefa da Área de Urbanismo e Réxime por ausencia do titular, con data 17.04.2026 (CVD: l6fgLhUGujvlATk5bp3/), e polo o enxeñeiro técnico de obras públicas interino con data 21.04.2026 (CVD: bLwRtSBztNqn6/N8Mjag).

Vista a nota informativa 39/2026 da Secretaría municipal, de data 21.04.2026 (CVD: fQhQg+am9Higjjsq0b+H), que comparte o criterio desfavorable da intervención municipal, e, entre outros, informa que: *"(…)* o contrato referido á prestación verbo da que a sra. Interventora accidental motiva os seus reparos na ausencia de procedemento de contratación debéuse adxudicar (sempre que estivera debidamente xustificada anecesidade e idoneidade da contratación, así como o prezo) a través dos procedementos e formas de adxudicación establecidos na legislación vixente ,resultando además, que o artigo 37 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público(LCSP), prohíbe a contratación verbal, ao establecer que *"Las entidades del sector público no podrán contratar verbalmente,salvo que el contrato tenga, conforme a lo señalado en el artículo 120.1, carácter de emergencia".*

O artigo 99.2 da LCSP dispón que non poderá fraccionarse o obxecto dun contrato coa finalidade de diminuir a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos aos procedementos de adxudicación que corresponda. Infórmase que as contratacións verbais contraveñen a normativa de aplicación, xa que as contratacións verbais están prohibidas expresamente pola lexislación vixente, o que constitúe unha transcendente infracción xurídica, ao supoñer unha omisión total e absoluta do procedemento legalmente establecido, e que constitúe unha causa de nulidade de pleno dereito.

En todo caso reitérase o informado por esta secretaría verbo da necesidade de proceder á contratación das diversas prestación regulares que requira o Concello(considerando a excepcionalidade da contratación menor, os límites cuantitativos destes 40.000 euros para contratos de obras e 15.000 euros cando se trate de contratos de suministro o de servicios-, a prohibición de fraccionamento dos contratos, a duración máxima dun ano dos contratos menores e a prohibición da súa prórroga, así como a improcedencia de acudir a esta modalidade para satisfacer necesidades previsibles e recorrentes), e sempre que se atope debidamente xustificada polo servizo correspondente a necesidade da contratación e o importe aproximado das prestacións, de acordo cos principios de publicidade, libre concorrencia, igualdade e transparencia, e a través dos procedementos regulados na citada Lei, debendo en todos os casos constar no expediente debidamente xustificada a necesidade e idoneidade da contratación asícomo a xustificación do prezo do mesmo.

A Comisión consultiva de contratación administrativa da Xunta de Andalucía no seu informe 9/2009, de 15 de xuño sinala que*:"(..../....)Los órganos de contratación han de ser conscientes de la indisponibilidad de las normas rectoras de la contratación pública; regla jurídicamente vinculada a la satisfacción del interés general y que opera como garantía de los principios básicos de publicidad, libre concurrencia y transparencia. Además, los métodos de contratación abierta y competitiva, en los que se aplican adecuadamente los descritos principios, permiten más concurrencia y la obtención de beneficios por ofertas más ventajosas, cuestión esta última que afecta a la eficiente utilización de los recursos públicos en un periodo como el actual, caracterizado por importantes restricciones presupuestarias.*
(..../....)".

Polo que respecta ás facturas de AUGASERVI,S.L. ratifícase a que subscribe no exposto no informe de data 2 de maio de 2024 (CVD: S06d6ENQp+toJuJi0nTT), e comparte o sinalado nas notas informativas emitidas pola Secretaria accidental en datas 18 de xullo de 2024 (CVD: SupYqtfcTGsXdaiLDidx , e CVD: SupYqtfcTGsXdaiLDidx). Comparte tamén esta secretaría o criterio desfavorabale da intervención municipal xa que a ordes de continuidade, lonxe de limitarse ao período temporal imprescindible para a adopción de medidas urxentes tal e como esixe o artigo 42 da LCSP exténdense no tempo, sen que ao día da data se atope licitado o dito servizo.

Polo exposto lémbrase, unha vez máis, o informado, verbo da necesidade de regularizar sen demora os contratos que se prestan actualmente en precario, algúns declarados nulos de pleno dereito.
.
Por outra banda, lembrar tamén que o Consello Consultivo de Galicia, no seu ditame 236/2025, de 31 de xullo de 2025, entre outros, sinala que *"(...)Seguindo esta mesma liña, este órgano consultivo debe advertir de que a revisión*

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

de oficio nestes casos non enerva as responsabilidades que poidan derivarse nin tampouco é un procedemento que poida ser utilizado polas Administracións públicas para eludir as regras de contratación pública e orzamentaria ou para converter en habitual e ordinario un modo de actuación ao marxe de ditas regras. De aí que a constatación deste tipo de irregularidades ha de ir necesariamente acompañada da adopción das medidas tendentes a correxilas e evitalas, o que inclúe tanto a esixencia de eventuais responsabilidades como a debida planificación e previsión das necesidades contratuais e orzamentarias con antelación suficiente para garantir o cumprimento das esixencias legais(...)".
(.....)"

Tendo en conta que o Pleno da Corporación, na sua sesión ordinaria de data 31.07.2024, acordou declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI S.L. así como continuar na prestación do servizo, nos mesmos termos en que se viña desempeñando, ata que se adoptasen as medidas urxentes para evitar o prexuízo que se deriva do grave trastorno ao servizo público provocado pola declaración de nulidade.

Polo exposto, e polo que **se propón ao Pleno a adopcion do seguinte acordo:**

Primeiro: Levantar os reparos emitidos pola interventora accidental, no informe de intervención RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS - 2026/T006/000817, de data 16 de abril de 2026, no que se emite informe de reparo suspensivo, ás facturas que se sinalan na consideración Quinta e Sexta do mesmo (CVD: rnfSKCfpAVejmtLFuvA8).

Segundo Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de credito de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2026 por importe de 120.222,56 euros, correspondente ás facturas, que se relacionan a continuación:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Progr	Econ.
F/2025/3596	03/12/2025	1000289V25 00115	30/11/2025	1.551,12	B15141054	LEGAMO INFRAESTRUCTURA VERDE, S.L.	TALA Y RETIRADA DE PALMERA EN LA ZONA DE A PATIÑA.	1721	22699
F/2025/3839	18/12/2025	25 14903	05/12/2025	394,65	B36547495	LANDIN INFORMATICA, S.L.	SUSCRIPCION MENSUAL A3 EQUIPO GESTION DEL TIEMPO PLUS PYME DE 01-11-2025 A 01-12-2025	920	21600
F/2026/576	18/02/2026	FV2026 25	18/02/2026	115.195,19	B15359383	AUGASERVI, S.L.	CANON GESTIÓN SERVICIO MUNICIPAL DE AGUA Y ALCANTARILLADO TERCER TRIMESTRE 2025	161	22799
F/2026/515	06/02/2026	INV/2025/4	23/12/2025	1.920,00	35320126S	TOURON GIL AGUSTIN	SERVICIOS DE STREAMING PLENOS 2023 Y 2024	920	22799
F/2026/516	06/02/2026	INV/2025/5	23/12/2025	1.161,60	35320126S	TOURON GIL AGUSTIN	SERVICIOS DE STREAMING DE PLENOS 2025	920	22799
			TOTAL	**120.222,56 euros**					

Terceiro: Autorizar, dispoñer no seu caso, recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

Cuarto: Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar os referidos reparos co fin de que estes non se repitan.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

Interveñen o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, e o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 22 de abril de 2026, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Oito (8), dos/as Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Réxime Interior, Contratación e Desenvolvemento Económico de data de data 22 de abril de 2026 (CVD: bbwdHpJmpRVxkgWgu5+R), que devén en acordo nos termos transcritos.

2.5. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

***Acceso á videoacta* – 01:07:31 horas**

Única.- ***Acceso á videoacta* – 01:07:39 horas**

A Sra. Presidenta dá conta da proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Réxime Interior, Contratación e Desenvolvemento Económico de data 23 de abril de 2026 (CVD: NMnxjGHDXH5El3Yjx5Ga) relativa á fixación do importe da liquidación derivada da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado “Servizo de mantemento copiadoras municipais” prestado pola empresa “Copifax, S.L.”, e concede o uso da palabra ao voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, quen di que en continuidade de todos os procedementos de revisión de oficio que se estiveron levando a cabo nestes últimos meses, tráese a pleno esta proposta de liquidación de Copifax en canto a tivo dispoñible a Intervención municipal; que lles tería gustado que estivera dispoñible para a data das comisións, pero que ao final tiveron que traelo urxente ao pleno e que solicitan, polo tanto, a aprobación desta urxencia ao resto dos grupos municipais.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da proposta, que é aprobada por unanimidade.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

A continuación, a Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Réxime Interior, Contratación e Desenvolvemento Económico de data 23 de abril de 2026 (CVD: NMnxjGHDXH5El3Yjx5Ga), que transcrita di:

"PROPOSTA

ASUNTO: Proposta de fixación do importe da liquidación derivada da declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES prestado pola empresa COPIFAX SL.
TEDEC 2026/X006/000075 - 2026/G006/000076

A.- Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime interior e Desenvolvemento económico de data 22.04.2026 (CVD: 0F/yI5gv1b0KBOUEoC+r), na que constan os antecedentes que interesan ao presente expediente:

« 1.- Providencia de alcaldía de 04 de febreiro de 2026 (CVD: 8HSMfgdXTAAtDRI9uVyB) dirixida á Intervención municipal do seguinte tenor:

Vista a resolución da Alcaldía núm. 760/2025 e de data 12 de agosto de 2025, ratificada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do día 2 de setembro de 2025, na que se resolveu:

"(...)
Primeiro.- Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES prestado pola empresa COPI FAX, S.L.
A contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES prestado pola empresa COPI FAX, S.L. atópase incurso en causa de nulidade de pleno dereito de conformidade co disposto polo artigo 47.1.e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas por terse ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido e dado o incumprimento dos artigos 28, 36, 37, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA3a da LCSP; os artigos 213 e 214 do TRLFL e os artigos 7, 8, 10 do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

Segundo.- Notificar, para os efectos oportunos, a presente resolución á empresa COPI FAX, S.L

Terceiro.- Remitir un certificado da presente resolución ao Consello Consultivo de Galicia.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que teña lugar. (...)".

SOLICITO

Que se proceda a incoar o expediente oportuno para determinar a indemnización que proceda pagar á referida empresa como consecuencia dos servicios prestados a este Concello onde se declarou a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal.

2.- Informe Liquidación COPIFAX SL da interventora accidental dona Sonia Machín Herranz de data 14.04.2026, co asunto ***Informe relativo ás premisas a ter en conta polo órgano xestor no procedemento de cálculo do importe correspondente á liquidación derivada da declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES prestado pola empresa COPIFAX S.L.***" (CVD: ZO8x6wrvei/udcyWE4ZY) e antecedentes referidos no mesmo, *emitido a efectos de poñer en coñecemento da concellería delegada da área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico os aspectos a ter en conta para a determinación da cuantía que correspondería abonar a COPIFAX, S.L. en concepto de liquidación pola declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES*, do seguinte tenor literal:

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

"<u>Asunto</u>: Informe relativo ás premisas a ter en conta polo órgano xestor no procedemento de cálculo do importe correspondente á liquidación derivada da declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES prestado pola empresa COPIFAX S.L

I.- <u>ANTECEDENTES.</u>

1.- O 22 de febreiro de 2024 dítase resolución de alcadía número 202/2024 pola que se acorda incoar o expediente de revisión de oficio (expediente número expediente número 2024/G003/000175), tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes, en relación SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES prestado pola empresa COPIFAX, SL.

2.- Informe-proposta da intervención municipal do 09.5.2025 (CVD: YjOknsOalrR6BhAU6hTv) de declaración de caducidade do expediente número 2024/G003/000175 e de inicio de expediente de revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES

3.-Resolución da alcaldía núm. 438/2025 de data 09.05.2025 pola que se declara a caducidade do procedemento de revisión de oficio expediente número 2024/G003/000175 iniciado por resolución de alcaldía número 202/2024 de 22 de febreiro de 2024 por ter transcorrido o prazo previsto no artigo 106.5 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e incoar un novo procedemento de revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES (servizo de alugueiro, mantemento de fotocopiadoras, copias e resposta rápida de incidencias e avarías nas seguintes instalacións: Concello. Secretaría pasillo1ª Planta; Concello. Urbanismo; Concello. Contratación; Concello. Alcaldía; Centro Formación Espiritu Santo; A Barcala. Biblioteca Xabier Docampo; A Barcala. Deportes; A Barcala. Cultura; A Barcala. Grupos Municipais; Temple. Edif.Servicios Multiples) prestado pola empresa COPIFAX, S.L.

4.- Informe-proposta da Intervención municipal do 25.06.2025 (CVD: XiFAl9vvXl6YhLen99Bv)

5**.-** Ditame número CCG 251/2025 emitido o 31.07.2025 polo Consello Consultivo de Galicia e con entrada no rexistro xeral na mesma data (núm. de entrada 202590000002042) favorable á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado "Servizo de mantemento copiadoras municipais" prestado pola empresa COPIFAX S. L. no Concello de Cambre.

6**.-** Resolución de Alcaldía núm 760/2025 do 12 de agosto de 2025 (CVD: UOjbW4+e+wXBChbMncSw) ratificada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do día 2 de setembro de 2025, pola que se acorda Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES prestado pola empresa COPI FAX, S.L.. A contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES prestado pola empresa COPIFAX, S.L. atópase incurso en causa de nulidade de pleno dereito de conformidade co disposto polo artigo 47.1.e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas por terse ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido e dado o incumprimento dos artigos 28, 36, 37, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA3ª da LCSP; os artigos 213 e 214 do TRLFL e os artigos 7, 8, 10 do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local

7.- Dación de conta ao Pleno da antedita resolución na sesión do día 28 de agosto de 2025

8.-Providencia da alcaldía de 04 de febreiro de 2026 (CVD: 8HSMfgdXTAAtDRI9uVyB) pola que se solicita "e proceda a incoar o expediente oportuno para determinar a indemnización que proceda pagar á referida empresa como consecuencia dos servicios prestados a este Concello onde se declarou a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal"

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

9.- Informe da interventora accidental de data 12 de febreiro de 2026 (CVD: jUoNOaRTxgFoUr/p6yVb), relativo ás premisas a ter en conta polo órgano xestor no procedemento de cálculo do importe correspondente á liquidación derivada da declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES prestado pola empresa COPIFAX S.L.

10.- Proposta do concelleiro delegado da área de Economia, Facenda, Contratación, Réxime interior e Desenvolvemento económico de data 20 de marzo de 2026 (CVD: Gf4T1RZnD1AjQfDN0Vtc), relativa á fixación do importe da liquidación derivada da declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES prestado pola empresa COPIFAX S.L.

O presente informe emítese aos efectos de indicar á alcaldía os aspectos a ter en conta para a determinación da cuantía que correspondería abonar á empresa COPIFAX S.L. en concepto de liquidación pola declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado **denominado SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES**

En todo caso, unha vez determinado o importe da liquidación será preceptiva a **previa audiencia** á empresa COPIFAX S.L. por un prazo non inferior a 10 días hábiles a efectos de que poida alegar o que considere convinte na defensa dos seus intereses."

(...)

3.- Nova proposta do concelleiro delegado da área de Economia, Facenda, Contratación, Réxime interior e Desenvolvemento económico de data 14 de abril de 2026 (CVD: rcEqTz2WL5BpeedZ3GdO), relativa á fixación do importe da liquidación derivada da declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES prestado pola empresa COPIFAX S.L. por mor da deteccion de erros de calculo,

4.- Notificación de apertura de trámite de audiencia a COPI FAX S.L., de data 14 de abril de 2026 (CVD: +KuUupp0lVpY9+4d8B8v), con rexistro de saída número 202600000001259 da mesma data, recibido pola empresa con data 14.04.2026 *, ás 13:41.*

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

5- Escrito da empresa pesentado con data 14 de abril de 2026, con número de rexistro 202699900002210, no que comunica que "*QUE NO VAMOS A PRESENTAR NINGUNA ALEGACIÓN AL RESPECTO, ES DECIR RENUNCIAMOS A PRESENTAR ALEGACIONES. (...)*"

6.- Detéctase un erro material no cálculo realizado da liquidación, derivada da declaración de nulidade do acto administrativo, contida na proposta do concelleiro delegado da área de Economia, Facenda, Contratación, Réxime interior e Desenvolvemento económico de data 14 de abril de 2026 (CVD: rcEqTz2WL5BpeedZ3GdO), **polo que se asina a presente proposta, para emendar o erro, e dar traslado de proposta completa á empresa COPI FAX S.L.**

7.- Do nomeado Informe Liquidación COPIFAX SL emitido pola interventora municipal accidental para os efectos de indicar á alcaldía os aspectos a ter en conta para a determinación da contía que correspondería abonar a COPIFAX S.L. en concepto de liquidación pola declaración de nulidade do acto administrativo da contratación, **extráese en primeiro lugar, que non** pode apreciarse boa fe na empresa COPIFAX S.L., e, a consecuencia disto, que *"**non procedería a inclusión do beneficio industrial no importe da liquidación a favor de COPIFAX, S.L. polo que haberá que restar desta a cantidade que resulte de aplicar o 6% á base impoñible de cada unha das facturas relacionadas"***, así como que non **procede a indemnización de danos e prexuizos á empresa .**

Tendo isto en conta, o importe a abonar en concepto da liquidacion, unha vez detraído o beneficio industrial do 6% á base impoñible de cada unha das facturas que se relacionan no informe mencionado, e o que se detalla a continuación:

2024

Nº de Entrada	Data	Importe Total	Situación	Nome	Texto Explicativo	Base imponible	IVE	BI deducido 6%	BI -6% + IVA
F/2024/350	01/02/2024	1310,85	@4	COPI FAX, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO DE COPIADORAS MUNICIPALES ENERO 2024	1.083,35	227,50	1.018,35	1.245,85
F/2024/684	01/03/2024	1310,85	@4	COPI FAX, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO DE COPIADORAS MUNICIPALES FEBRERO 2024	1.083,35	227,50	1.018,35	1.245,85
F/2025/707	03/06/2024	1310,85	@4	COPI FAX, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO DE COPIADORAS MUNICIPALES MAYO 2024	1.083,35	227,50	1.018,35	1.245,85
F/2024/1890	01/10/2024	1310,85	@4	COPI FAX, S.L.	MANTENIMIENTO COPIADORA VARIOS DEPARTAMETNOS (URB. SEC RET. DEPORTES ETC) SET. 2024	1.083,35	227,50	1.018,35	1.245,85
F/2024/3670	03/11/2024	1310,85	@4	COPI FAX, S.L.	MANTENIMIENTO COPIADORA VARIOS DEPARTAMETNOS (URB. SEC RET. DEPORTES ETC) OCTUBRE 2024	1.083,35	227,50	1.018,35	1.245,85
F/2024/4001	02/12/2024	1310,85	@4	COPI FAX, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO DE COPIADORAS MUNICIPALES NOVIEMBRE 2024	1.083,35	227,50	1.018,35	1.245,85
								TOTAL	**7.475,10**

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

2025

Nº de Entrada	Data	Importe Total	Situación	Nome	Texto Explicativo	Base imponible	IVE	BI deducido 6%	BI -6% + IVA
F/2025/5	07/01/2025	1310,85	CO	COPI FAX, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO DE COPIADORAS MUNICIPALES DICIEMBRE 2024	1.083,35	227,50	1.018,35	1.245,85
F/2025/331	03/02/2025	1310,85	CO	COPI FAX, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO DE COPIADORAS MUNICIPALES ENERO 2025	1.083,35	227,50	1.018,35	1.245,85
F/2025/707	02/03/2025	1310,85	CO	COPI FAX, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO DE COPIADORAS MUNICIPALES FEBRERO 2025	1.083,35	227,50	1.018,35	1.245,85
F/2025/1043	01/04/2025	1310,85	CO	COPI FAX, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO DE COPIADORAS MUNICIPALES MARZO 2025	1.083,35	227,50	1.018,35	1.245,85
F/2025/1375	02/05/2025	1310,85	CO	COPI FAX, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO DE COPIADORAS MUNICIPALES ABRIL 2025	1.083,35	227,50	1.018,35	1.245,85
F/2025/1658	02/06/2025	1310,85	CO	COPI FAX, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO DE COPIADORAS MUNICIPALES MAYO 2025	1.083,35	227,50	1.018,35	1.245,85
F/2025/1982	01/07/2025	1310,85	CO	COPI FAX, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO DE COPIADORAS MUNICIPALES JUNIO 2025	1.083,35	227,50	1.018,35	1.245,85
F/2025/2311	02/08/2025	1310,85	CO	COPI FAX, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO DE COPIADORAS MUNICIPALES JULIO 2025	1.083,35	227,50	1.018,35	1.245,85
								TOTAL	**9.966,80**

Tendo en conta o cal, é polo que se propón:

Primeiro: Fixar o importe correspondente á liquidación derivada da declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado *SERVICIO MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES* prestado pola empresa COPIFAX S.L., co NIF B15118532 en 17.441,90 euros, unha vez minorado nun 6% o importe da Base impoñible reflectido nas facturas que se inclúen no presente expediente, segundo o informado pola interventora accidental no Informe de intervención - LIQUIDACION COPIFAX S.L. - TEDEC 2026/X006/000075, de data 14.04.2026 (CVD: ZO8x6wrvei/udcyWE4ZY)

Segundo: Autorizar e dispor o gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos anteditos gastos, con cargo á aplicación orzamentaria 920.20300 e aprobar a ordenación e realización do seu pagamento mediante transferencia bancaria.

Terceiro: Notificar, para os efectos oportunos, o acordo á empresa COPIFAX SL. **»**

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

B.- Vista a notificación realizada da Comunicación de apertura do trámite de audiencia ao interesado con rexistro de saída de data 22.04.2026 con número de rexistro 202600000001387, e acuse de lectura de 22.04.2026, as 12:46 horas.

C.- Visto o escrito presentado por COPI FAX S.L. con data 22.04.2026 e número de rexistro de entrada 202699900002452, no que manifestan a súa renuncia a presentar alegacións: **«** *QUE NO VAMOS A PRESENTAR NINGUNA ALEGACIÓN AL RESPECTO, ES DECIR RENUNCIAMOS A PRESENTAR ALEGACIONES (…)* **»**

É polo que se PROPÓN ao Pleno:

Primeiro: Fixar o importe correspondente á liquidación derivada da declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado *SERVICIO MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES* prestado pola empresa COPIFAX S.L., co NIF B15118532 en 17.441,90 euros, unha vez minorado nun 6% o importe da Base impoñible reflectido nas facturas que se inclúen no presente expediente, segundo o informado pola interventora accidental no Informe de intervención - LIQUIDACION COPIFAX S.L. - TEDEC 2026/X006/000075, de data 14.04.2026 (CVD: ZO8x6wrvei/udcyWE4ZY)

Segundo: Autorizar e dispor o gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos anteditos gastos, con cargo á aplicación orzamentaria 920.20300 e aprobar a ordenación e realización do seu pagamento mediante transferencia bancaria.

Terceiro: Notificar, para os efectos oportunos, o acordo á empresa COPIFAX SL. **."**

Consta no expediente nota informativa de Secretaría 41/2026, do 27 de abril de 2026 (CVD: 78TVRPv5W2OIXIqoKX4i) que, entre outras cousas, di:

«(…/…)

En relación á nulidade da dita contratación verbal, esta secretaría remítese e ratifícase no nforme emitido en data 4 de marzo de 2024(CVD: IbUa95Ci97ypSmkikVBa).

No ditame do Consello Consultivo de Galicia 251 de 31 de xullo de 2025 emitido en relación ao expediente de declaración de nulidade referido, logo de expresar o seu parecer favorable á revisión, o órgano consultivo alude tamen ás responsabilidades que poidan derivarse nestes casos. Así, sinala o seguinte:

"(…./….)O sentido favorable do ditame do Consello Consultivo nestes casos vén referido estritamente á procedencia da revisión de oficio debido a concorrencia de causa ou causas de nulidade por infraccións moi graves do ordenamento xurídico, como é, de forma sobranceira, a omisión de todo procedemento contractual. A gravidade destas actuacións ten sido posta de manifesto tanto polos tribunais (neste sentido, por exemplo, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 19.7.2022, rec. 7016/2022, alude a unha "omisión groseira e grave das máis elementais normas de dereito administrativo"), como por órganos de fiscalización (así o Tribunal de Cuentas no seu informe nº 1.415: Informe de fiscalización de los expedientes de reconocimientos extrajudiciales de crédito aprobados por las entidades locales en el ejercicio 2018) e por outros órganos consultivos como o Consejo de Estado que en Ditames como o 1518/2022 (con cita de ditames previos) sinala, en relación con irregularidades contractuais graves (entre elas, os supostos de contratación verbais) que:*
"(...) Todas estas situaciones ponen de relieve la existencia de graves infracciones en la contratación administrativa de las Administraciones implicadas. Aunque el ordenamiento jurídico dispone de mecanismos para reaccionar frente a tales conculcaciones de la legalidad e impedir que con ellas se causen perjuicios idebidos a los particulares, el Consejo de Estado debe una vez más manifestar su preocupación por la profusión de este tipo de actuaciones irregulares, que hace muy difícil salvaguardar adecuadamente los principios de publicidad y concurrencia que deben inspirar la contratación administrativa. Por más que circunstancias de diverso tipo puedan interferir en la normal sucesión de los contratos o en la necesidad de recabar trabajos complementarios o extraordinarios que no pudieron preverse o anticiparse, es deber de la Administración actuar con previsión suficiente para garantizar que la

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

contratación administrativa se ajusta a la legalidad, iniciando los procedimientos de contratación con la antelación suficiente o recurriendo, conforme a los procedimientos previstos en la legislación vigente, a utilizar las diversas soluciones permitidas para tales casos (contratación de emergencia, modificaciones del contrato o contratos complementarios). Por ello, este Consejo de Estado debe enfatizar la responsabilidad que corresponde a la autoridad consultante para adoptar todas las medidas necesarias que eviten la continuación y repetición de conductas irregulares como la que está en el origen del expediente sometido a consulta (...)".

** Neste informe o Tribunal de Cuentas puxo de manifesto que "El compromiso de obligaciones sin adecuada cobertura contractual y sin consignación presupuestaria se ha constatado frecuente en el ámbito de las entidades locales" e que "La ausencia de actuaciones tendentes a depurar y exigir dichas responsabilidades cronifica en el tiempo estas prácticas ilegales." De aí que entre as recomendacións que se recollen no dito informe se inclúan as seguintes:*

"(…) 3. Las entidades locales deberían establecer los procedimientos necesarios para que se haga efectiva la exigencia de las posibles responsabilidades derivadas de los incumplimientos de la LTAIPBG, del TRLCSP o de la normativa presupuestaria de aplicación, que se concretan fundamentalmente en el compromiso de obligaciones adquiridas sin cobertura contractual o sin consignación presupuestaria.
4. Las entidades locales deberían implantar procedimientos de gestión adecuados que garanticen el inicio de la tramitación de los expedientes de contratación con el tiempo suficiente para evitar la ejecución de gastos sin cobertura contractual como consecuencia de la expiración del término de contratos previos.
5. Deberían establecerse por las entidades locales procedimientos de gestión en relación con los gastos de menor cuantía que eviten la falta de consignación presupuestaria cuando se genere la obligación. Así, las Bases de Ejecución del presupuesto deberían prever la retención de crédito cuando se tramitan contratos menores y cuando se libran los fondos a través del procedimiento de anticipo de caja fija.
6. Las entidades locales deberían elaborar y aprobar una instrucción que regule las operaciones a realizar a cierre de ejercicio, con el objetivo de normalizar y establecer las fechas límite para realizar los trámites de imputación de gastos e ingresos al presupuesto del ejercicio corriente, facilitando que los gastos e ingresos ejecutados se apliquen al presupuesto del ejercicio corriente, y se garantice la correcta aplicación de los principios de imputación presupuestaria, devengo y anualidad presupuestaria (…)".

Seguindo esta mesma liña, este órgano consultivo debe advertir de que a revisión de oficio nestes casos non enerva as responsabilidades que poidan derivarse nin tampouco é un procedemento que poida ser utilizado polas Administracións públicas para eludir as regras de contratación pública e orzamentaria ou para converter en habitual e ordinario un modo de actuación ao marxe das ditas regras. De aí que a constatación deste tipo de irregularidades ha de ir necesariamente acompañada da adopción das medidas tendentes a corrixilas e a evitalas, o que inclúe tanto a esixencia de eventuais responsabilidades como a debida planificación e previsión das necesidades contractuais e orzamentarias con antelación suficiente para garantir o cumprimento das esixencias legais."

En canto ás responsabilidades que poden derivarse, reitérase o informado por esta secretaría na sesión extraordinaria urxente da da Comisión informativa de Presidencia, economía, facenda, innovación tecnológica e seguridade cidada de data 16 de maio de 2024 ,que consta na acta da referida sesión e que a seguir se trasncribe:

"(..../....)A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra a Sra. secretaria quen, unha vez concedido, manifesta que se solicitou por parte dun concelleiro do Partido Popular informe de Secretaría en canto ás responsabilidades que se poden derivar deste asunto; que este extremo xa foi tratado pola interventora municipal no apartado oitavo das conclusións e resume as súas consideracións; que a interventora alude en primeiro lugar ao artigo 78 da Lei de bases do réxime local que dispón que os membros das corporacións locais están suxeitos á responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do seu cargo; que, así mesmo, o apartado terceiro deste artigo di que as corporacións locais poderán esixir a responsabilidade dos seus membros cando por dolo ou culpa grave, causaran danos e perdas á corporación ou a terceiro, se estos houbesen sido indemnizados por aquela.
Continúa a dicir que o Regulamento de control interno cando fala de omisión de fiscalización culmina sempre dicindo que a resolución non eximirá de esixencia de responsabilidades a que houbera lugar; que en canto ás responsabilidades, a parte do sinalado pola Sra. interventora, o artigo 60 do Texto refundido de réxime local establece e le literalmente "as autoridades e funcionarios de calquera orde que, por dolo ou culpa ou neglixencia, adopten

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

resolucións ou realicen actos con infracción das disposicións legais, estarán obrigados a indemnizar á corporación local os danos e perdas que sexan consecuencia de aqueles, con independencia da responsabilidade penal ou disciplinaria que lles poida corresponder"; que polo tanto, en canto ás posibles responsabilidades que se poidan derivar de contratacións irregulares son as seguintes: a primeira, a responsabilidade administrativa patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas; que a disposición adicional viséxima oitava da Lei de contratos do servizo público establece que a responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo das administracións públicas derivada das súas actuacións en materia de contratación pública, tanto por danos causados a particulares como á propia administración, se esixirá de conformidade co disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Di que existe tamén a responsabilidade disciplinaria do persoal ao servizo das administracións, así a mesma disposición adicional establece que a infracción ou aplicación indebida dos preceptos contidos na lei de contratos por parte do persoal ao servizo das administracións públicas dará lugar á responsabilidade disciplinaria, que se esixirá conforme á normativa específica na materia.
Continúa dicindo que tamén poden existir responsabilidades derivadas da Lei de transparencia, así o seu artigo 28 establece que constitúen infraccións moi graves a omisión de fiscalización previa, a ausencia do procedemento na resolución de discrepancias, o recoñecemento de obrigas e ordenación de pagamentos sen consignación de crédito cando sexan culpables; que as sancións que poden conlevar se establecen no artigo 30 e supoñen a declaración do incumprimento e a súa publicación no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial que corresponda,
tamén o cesamento no cargo e a non percepción, no caso de que a levara aparellada, da correspondente indemnización; a imposibilidade de ser nomeados para ocupar ningún posto de alto cargo ou asimilado durante un período de entre cinco e dez anos, a obriga de restituír as cantidades percibidas ou satisfeitas indebidamente a obriga de indemnizar á facenda pública.
Di que está tamén a posible responsabilidade contable que se regula nos artigos 38 a 41 da Lei orgánica do Tribunal de Contas e artigo 49 da Lei 7/1988, do funcionamento do Tribunal de Contas. Este último precepto di literalmente que "A xurisdicción contable coñecerá das pretensións de responsabilidade que, desprendéndose das contas que deben render todos cantos teñan ao seu cargo o manexo de caudais ou efectos públicos, se deduzcan contra os mesmos cando, con dolo, culpa ou neglixencia graves, orixinaren menoscabo en ditos caudais ou efectos a consecuencia de accións ou omisións contrarias ás leis reguladoras do réxime orzamentario e de contabilidade que resulte aplicable ás entidades do sector público ou, no seu caso, ás persoas ou entidades perceptoras de subvencións, créditos, avais ou outras axudas procedentes do citado sector. Soamente coñecerá das responsabilidades subsidiarias, cando a responsabilidade directa, previamente declarada e non feita efectiva, sexa contable"; di que é importante destacar respecto desta responsabilidade que a Axencia Valenciana Antifraude nunha recomendación sobre enriquecemento inxusto polo que se refire á responsabilidade contable, di que cabe sinalar que esta responsabilidade, pode ser directa (do causante/s do dano) ou subsidiaria (daquel que podendo evitalo non o fixo), sendo compatible con otros tipos de responsabilidades (penal, disciplinaria...), posto que a súa finalidade é resarcir ás arcas municipais.

Continúa a dicir que, por último, se encontra a responsabilidade penal en relación con diversas condutas punibles recollidas no Código Penal en relación coa actuación das autoridades e persoal ao servizo das administración públicas; sobre este particular di que a Axencia Valenciana Antifraude expón que "dependendo da causa xusta vulnerada ou inexistente que motivou o enriquecemento inxusto e das circunstancias que enmarcaren o caso concreto, a consecuencia punitiva última (última ratio) que o noso ordenamento xurídico anuda ao presunto responsable é a vía penal. Así, sendos supostos da figura que analizamos falando do enriquecemento inxusto poderían encaixar, levados ao extremo, nos ilícitos tipificados como delitos contra a Administración Pública en el título IX del Código Penal, entre os que aquí destacarían: a prevaricación art. 446, o suborno art. 419, o tráfico de influencias art. 428, a malversación art. 432 e as negociacións prohibidas art. 439".
(..../....)".

En todo caso reitérase o informado por esta Secretaría en anteriores ocasións verbo de que que é perentorio que se proceda á licitación dos contratos- además do resto dos que se atopan vencidos ,con prioridade dos relativos a servizos básicos - de acordo cos principios de igualdade, libre concurrencia publicidade e transparencia a través dos procedementos regulados na Lei de Contratos do Sector Público (LCSP) así como da necesidade de evitar a repetición de prácticas irregulares como a que se suscita no presente suposto.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

A Comisión consultiva de contratación administrativa da Xunta de Andalucía no seu informe 9/2009, de 15 de xuño sinala que:*"(..../....)Los órganos de contratación han de ser conscientes de la indisponibilidad de las normas rectoras de la contratación pública; regla jurídicamente vinculada a la satisfacción del interés general y que opera como garantía de los principios básicos de publicidad, libre concurrencia y transparencia. Además, los métodos de contratación abierta y competitiva, en los que se aplican adecuadamente los descritos principios, permiten más concurrencia y la obtención de beneficios por ofertas más ventajosas, cuestión esta última que afecta a la eficiente utilización de los recursos públicos en un periodo como el actual, caracterizado por importantes restricciones presupuestarias.(..../....)"*

O artigo 28.4 da LCSP establece a obriga das Administracións Públicas de programar a actividade de contratación nos seguintes termos:

"4. Las entidades del sector público programarán la actividad de contratación pública, que desarrollarán en un ejercicio presupuestario o períodos plurianuales y darán a conocer su plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa previsto en el artículo 134 que al menos recoja aquellos contratos que quedarán sujetos a una regulación armonizada."

A correcta planificación e programación da contratación pública constitúe un medio que, ademais de ser obligatorio actualmente de conformidade co artigo 28 da LCSP, é crucial para evitar este tipo de situacións radicalmente ilegais que conlevan además o risco de que se faga un uso ineficiente dos recursos públicos.

Así o afirma a Axencia Valenciana Antifraude (Axencia de Prevención loita contra o fraude e a corrupción da Comunidade Valenciana)na *Recomendación xeral " Planificación: herramienta clave para prevenir los riesgos de corrupción en las organizaciones",* na cal sinala que é "*imprescindible que cada organización* ***planifique la manera de gastar los recursos públicos en beneficio de la comunidad, tratando así la contratación como inversión meditada y justificada***", e que "*planificar los contratos* ***posibilitará su control interno*** *(especialmente el control financiero permanente) contribuyendo así a minimizar los riesgos de corrupción, sus* ***costes económicos y la 'parálisis funcional' al retrasar la ejecución de las prestaciones contratadas con la el consiguiente descrédito reputacional".***

(…/…)»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Réxime Interior, Contratación e Desenvolvemento Económico de data 23 de abril de 2026, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Seis (6), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Quince (15), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Réxime Interior, Contratación e Desenvolvemento Económico de data 23 de abril de

2026 (CVD: NMnxjGHDXH5El3Yjx5Ga), que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

***Acceso á videoacta* – 01:22:57 horas**

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

***Acceso á videoacta* – 01:23:00 horas**

A Sra. alcaldesa intervén e manifesta que hai varias mocións traídas por UxC e polo PSdeG-PSOE.

A) *Acceso á videoacta* – 01:23:08 horas

A Sra. presidenta dá conta da moción do grupo municipal de UxC para instar á Xunta de Galicia a desenvolver as ofertas públicas de emprego e a elaboración das listas de interinos para substitucións dos concellos de Galicia, e concede o uso da palabra ao concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, co fin de que xustifique a urxencia.

O Sr. Mallo Castro expón que a urxencia é porque, entre outros concellos, o Concello de Cambre adolece dunha falta de persoal moi importante como lembran continuamente os membros do Goberno; que polo tanto entenden que é de máxima urxencia poder chegar a estes acordos e que a Xunta colabore ou desenvolva as ofertas públicas de emprego.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen dá lectura á moción rexistrada de entrada ao núm. 202699900002528 o día 24 de abril de 2026, que transcrita di:

«CAMBRE INSTA Á XUNTA DE GALICIA A DESENVOLVER AS OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO E A ELABORACIÓN DAS LISTAS DE INTERINOS PARA SUBSTITUCIÓNS DOS CONCELLOS DE GALICIA

Vista a dificultade que teñen moitos concellos para cumprir en prazo cos procedementos das ofertas públicas de emprego, tal e como pasou en Cambre o pasado ano 2025 cando caducaron dúas prazas, unha de axente de protección civil e outra de bibliotecario por non ser capaces de desenvolver en tempo e forma o procedemento.

Vista tamén as dificultades que concellos como Cambre teñen para ter actualizadas as listas de interinos para todos os seus postos de traballo e tamén a situación na que se atopan unha vez elaboradas, onde chegan a acceder persoas sen experiencia no sector público que leva consigo un período de adaptación e formación que lonxe está de cumprir as esixencias da administración pública.

Vista a situación de Cambre, onde a falta de persoal á que alude constantemente o goberno, está lastrando o servizo á veciñanza e tendo en conta que estes procesos de selección precisan da participación de funcionarios e funcionarias do propio concello que teñen que deixar de cumprir as súas funcións para participar nestes procesos selectivos.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Visto que, no caso de Cambre, hai exemplos tan preocupantes como que un proceso para a creación dunha lista de interinos para postos A1 de administración xeral non saíron adiante por suspender todos/as os/as aspirantes en outubro de 2025 o que supón destinar moito tempo e dedicación para un traballo en balde, pois o obxectivo de ter unha lista para facer chamamentos segue sen cumprirse e está agora en proceso de novo ese procedemento dende o mes de febreiro de 2026.

Estes procesos longos ou sen resultados, novo persoal que se incorpora sen apenas formación e experiencia o que leva consigo un longo proceso de aprendizaxe que, no caso de contratacións por acumulación de tarefas (máximo 9 meses) cando están plenamente formados xa se teñen que ir, leva consigo unha perda económica e de recursos humanos tremenda que se afasta dos principios de eficacia e eficiencia que se lle entende á Administración Pública.

A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia recolle como reglas das relacións interadministrativas entre Comunidade Autónoma e concellos os principios de *"La cooperación y la coordinación"* e sinala no artigo 193: *"1. Las Entidades Locales gallegas y la Junta de Galicia adecuarán su actuación a los siguientes principios:*

a) La lealtad institucional respecto al ejercicio de las competencias que correspondan a las demás Administraciones Públicas.
b) La colaboración, cooperación y auxilio que pudiesen precisar coyunturalmente para el eficaz cumplimiento de sus tareas."

Sinala a lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público no seu artigo 141.1.d*) "Prestar, en el ámbito propio, la asistencia que las otras Administraciones pudieran solicitar para el eficaz ejercicio de sus competencias"* e engade, no artigo 141.2 *"La asistencia y colaboración requerida sólo podrá negarse cuando el organismo público o la entidad del que se solicita no esté facultado para prestarla de acuerdo con lo previsto en su normativa específica, no disponga de medios suficientes para ello o cuando, de hacerlo, causara un perjuicio grave a los intereses cuya tutela tiene encomendada o al cumplimiento de sus propias funciones o cuando la información solicitada tenga carácter confidencial o reservado. La negativa a prestar la asistencia se comunicará motivadamente a la Administración solicitante."*

Dous eixos fundamentais para que a Xunta, mediante a dita cooperación, axude aos concellos que así o desexen a convocar e desenvolver as súas ofertas públicas de emprego así como a ter listas actualizadas con persoal que pode traballar e ir adquirindo experiencias polos distintos concellos de Galicia como fai, por exemplo, coas listas de substitución dos funcionarios habilitados nacionais o como foi cos procedementos da Axencia Galega de Seguridade para cubrir os postos de policía local en Galicia.

Neste momento, no que se está a debater a nova Lei de Administración Local na que a Xunta de Galicia abre a posibilidade de novas fórmulas de colaboración e cooperación entre administración e así o establece no artigo 157 do anteproxecto de lei que sinala: *"Las entidades locales podrán establecer mecanismos de colaboración entre sí, así como con otras administraciones públicas, con el fin de garantizar la prestación eficaz y sostenible de los servicios públicos de competencia local, promover el desarrollo territorial equilibrado y optimizar los recursos disponibles mediante la cooperación institucional".*

Precisamente esa colaboración interadministrativa debería ampliarse á colaboración e cooperación da Xunta cos concellos en materia de persoal igual que o están a facer coa Policía Local na Axencia Galega de Seguridade para garantir que todos os procedementos son iguais en todos os concellos, con criterios homólogos e garantindo así á imparcialidade de todos os procedementos. Non pode ser que haxa concellos nos que é doado aprobar un exame e outros nos que non aproba ninguén.

Dende o momento que a Xunta recolle esta posibilidade na que o concello ten a postedade de adherirse ou non a eses procedementos, acadarase unha axilización no procedemento ao poder convocar ao tempo procedementos amplos que dean a posiblidade de cubrir postos de oferta pública de emprego iguais en diferentes concellos á vez, conseguir listas máis amplas, con maior rotatividade e, polo tanto, con persoal cada vez máis formado e con maior experiencia para cubrir as baixas de persoal de forma interina nos concellos galegos.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Segundo as atribucións que ten conferidas o pleno en virtude do artigo 22 da Lei 7/1985 , de 2 de abril reguladora das bases do réximen local e no artigo 63 do Regulamento orgánico municipal proponse ao pleno a adopción do seguinte,

ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a incluir entre as súas liñas de colaboración e cooperación cos concellos o desenvolvemento dos procesos de provisión de postos das ofertas públicas de emprego

2. Instar á Xunta de Galicia a desenvolver os procedementos de selección de persoal para listas de substitucións de todos os postos para as entidades locais de Galicia igual que vén facendo cos postos de habilitación nacional e de Policía Local para os concellos adheridos

3. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia

4. Dar traslado deste acordo plenario á Federación Galega de Municipios e Provincias.»

Interveñen o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, e a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, quen propón modificar e ampliar os puntos dos acordos a adoptar nos seguintes termos:

"ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a incluir dentro dos mecanismos de cooperación voluntaria coa FEGAMP o desenvolvemento de procesos de provisión de postos das ofertas públicas de emprego das entidades locais de Galicia.

2. Instar á Xunta de Galicia a desenvolver procedementos de selección para a elaboración de listas de persoal interino dos concellos de Galicia, garantindo a participación das entidades locais na definición dos perfís profesionais, e respectando en todo caso a autonomía organizativa e competencial dos concellos.

3. Establecer que a adhesión dos concellos a estes mecanismos de colaboración será en todo caso voluntaria e reversible, garantindo a plena autonomía municipal na xestión do seu persoal.

4. Garantir que as actuacións de cooperación previstas nesta moción non supoñan en ningún caso unha mingua de autonomía técnica, organizativa e de xestión dos concellos, nin dos seus empregados públicas.

5. Instar á Xunta de Galicia a que estas medidas se acompañen dun financiamento suficiente para as entidades locais, no marco do fortalecemento do Fondo de Cooperación Local, que permita dotar aos concellos dos recursos humanos e materiais necesarios para a correcta prestación dos servizos públicos.

6. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e á Federación Galega de Municipios e Provincias."

Interveñen a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal de UxC, coa modificación dos acordos anteriormente transcrita, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Quince (15), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Abtencións: Seis (6), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal de UxC, polo que devén en acordo quedando a parte dispositiva redactada nos seguintes termos:

"**ACORDO:**

1. Instar á Xunta de Galicia a incluir dentro dos mecanismos de cooperación voluntaria coa FEGAMP o desenvolvemento de procesos de provisión de postos das ofertas públicas de emprego das entidades locais de Galicia.

2. Instar á Xunta de Galicia a desenvolver procedementos de selección para a elaboración de listas de persoal interino dos concellos de Galicia, garantindo a participación das entidades locais na definición dos perfís profesionais, e respectando en todo caso a autonomía organizativa e competencial dos concellos.

3. Establecer que a adhesión dos concellos a estes mecanismos de colaboración será en todo caso voluntaria e reversible, garantindo a plena autonomía municipal na xestión do seu persoal.

4. Garantir que as actuacións de cooperación previstas nesta moción non supoñan en ningún caso unha mingua de autonomía técnica, organizativa e de xestión dos concellos, nin dos seus empregados públicas.

5. Instar á Xunta de Galicia a que estas medidas se acompañen dun financiamento suficiente para as entidades locais, no marco do fortalecemento do Fondo de Cooperación Local, que permita dotar aos concellos dos recursos humanos e materiais necesarios para a correcta prestación dos servizos públicos.

6. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e á Federación Galega de Municipios e Provincias."

B) ***Acceso á videoacta*** **– 01:48:22 horas**

A continuación, a Sra. presidenta dá conta da moción do grupo municipal de UxC para instar á Xunta de Galicia a elaborar un modelo de pregos técnicos e de cláusulas administrativas para as licitacións públicas, e concede o uso da palabra ao concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, co fin de que xustifique a urxencia.

O Sr. Mallo Castro expón que a urxencia vén motivada porque hai moitos concellos, entre eles o de Cambre, que ten dificultades para sacar adiante os pregos de cláusulas administrativas, os pregos técnicos de moitas licitacións e estas van logo moi apuradas no tempo, incluso nalgún pode chegar a perderse; que entenden que unha colaboración interadministrativa axudaría neste particular.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen dá lectura á moción rexistrada de entrada ao núm. 202699900002528 o día 24 de abril de 2026, que transcrita di:

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

«CAMBRE INSTA Á XUNTA DE GALICIA A ELABORAR UN MODELO DE PREGOS TÉCNICOS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA AS LICITACIÓNS PÚBLICAS

Vistos os recursos dos que dispón a Xunta de Galicia en materia de contratación e o mermados que están estes departamentos en moitos concellos de Galicia.

Vista a disparidade de criterios establecidos nos diferentes concellos á hora de cumprir coa Lei de contratos do sector público onde uns utilizan sen problemas os contratos menores, outros non teñen problema en licitar con axilidade as licitacións máis complexas e outros, como Cambre, case lle é imposible licitar nada pola disparidade de criterios entre os técnicos municipais e os postos de habilitación nacional.

Visto que o modelo que emprega a Deputación da Coruña para a contratación das obras do Plan de Obras e Servizos funciona ben, ao establecer eles un modelo de prego que teñen que empregar os concellos movéndose todos por criterios similares.

Visto que a Xunta de Galicia dispón de medios técnicos suficientes para elaborar modelos de prego para as diferentes licitacións de obras, servizos e subministracións, así como os pregos de cláusulas administrativas, que sirvan de modelo sobre o que traballar todas as administracións locais que así o desexen.

Visto que os modelos tipo acabarían coa discreción que hai actualmente en función das normas que establezcan uns/unhas funcionarios/as ou outros, o que redundaría, sen lugar a dúbidas, en gañar axilidade e efectividade na administración pública.

Vista a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia recolle como reglas das relacións interadministrativas entre Comunidade Autónoma e Concellos os principios de *"La cooperación y la coordinación"* e sinala no artigo 193: *"1. Las Entidades Locales gallegas y la Junta de Galicia adecuarán su actuación a los siguientes principios:*

a) *La lealtad institucional respecto al ejercicio de las competencias que correspondan a las demás Administraciones Públicas.*
b) *La colaboración, cooperación y auxilio que pudiesen precisar coyunturalmente para el eficaz cumplimiento de sus tareas."*

Cabe sinalar tamén que a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público no seu artigo 141.1.d*) recolle: "Prestar, en el ámbito propio, la asistencia que las otras Administraciones pudieran solicitar para el eficaz ejercicio de sus competencias"* e engade, no artigo 141.2 *"La asistencia y colaboración requerida sólo podrá negarse cuando el organismo público o la entidad del que se solicita no esté facultado para prestarla de acuerdo con lo previsto en su normativa específica, no disponga de medios suficientes para ello o cuando, de hacerlo, causara un perjuicio grave a los intereses cuya tutela tiene encomendada o al cumplimiento de sus propias funciones o cuando la información solicitada tenga carácter confidencial o reservado. La negativa a prestar la asistencia se comunicará motivadamente a la Administración solicitante."*

Neste momento, no que se está a debater a nova Lei de administración local na que a Xunta de Galicia abre a posibilidade de novas fórmulas de colaboración e cooperación entre administración e así o establece no artigo 157 do anteproxecto de lei que sinala: *"Las entidades locales podrán establecer mecanismos de colaboración entre sí, así como con otras administraciones públicas, con el fin de garantizar la prestación eficaz y sostenible de los servicios públicos de competencia local, promover el desarrollo territorial equilibrado y optimizar los recursos disponibles mediante la cooperación institucional".*

Precisamente esa colaboración interadministrativa debería ampliarse á colaboración e cooperación da Xunta cos concellos en materia de contratación pública, garantindo uns modelos o máis asépticos posibles, con total garantía de cumprimento da Lei de contratos do sector público e facilitando que esa obriga que todas as Administracións Públicas teñen de ter en vigor todos os contratos de servizos, obras ou subministracións sexa práctica habitual nun escenario no que, por desgraza, os contratos en precario son o día a día dos concellos galegos.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Segundo as atribucións que ten conferidas o Pleno en virtude do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 63 do Regulamento orgánico municipal proponse ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a elaborar modelos estandarizados de pregos técnicos e de claúsulas administrativas para contratos de subministracións, obras e servizos.

2. Instar á Xunta de Galicia a poñer á disposición dos concellos galegos os ditos modelos para poder facer uso deles.

3. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia.

4. Dar traslado deste acordo plenario á Federación Galega de Municipios e Provincias.»

(Cando son as doce horas e cincuenta e un minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Alcantarilla Rei, quen se reincorpora ao salón cando son as doce horas e cincuenta e dous minutos)

Interveñen o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, e a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, quen propón modificar e ampliar os puntos dos acordos a adoptar nos seguintes termos:

"**ACORDO:**

1. Instar á Xunta de Galicia a elaborar, en consenso e colaboración coa FEGAMP, modelos estandarizados de pregos técnicos e de claúsulas administrativas para contratos de subministracións, obras e servizos, garantindo que estes respecten a autonomía organizativa das entidades locais.

2. Instar á Xunta de Galicia a poñer á disposición dos concellos galegos os ditos modelos, así como o asesoramento técnico necesario para a súa implementación, sen que iso supoña unha mingua nas facultades de decisión e control dos órganos de goberno municipais.

3. Instar á Xunta de Galicia a que esta asistencia técnica se enmarque nun modelo de cooperación leal que inclúa a dotación de recursos económicos suficientes a través do Fondo de Cooperación Local, asegurando que a estandarización administrativa vaia acompañada da suficiencia financeira necesaria para imputar as ditas licitacións.

4. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e á Federación Galega de Municipios e Provincias."

Interveñen a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal de UxC, coa modificación dos acordos anteriormente transcrita, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezasete (17), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Votos en contra: Ningún (0).

Abtencións: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal de UxC, polo que devén en acordo quedando a parte dispositiva redactada nos seguintes termos:

"**ACORDO:**

1. Instar á Xunta de Galicia a elaborar, en consenso e colaboración coa FEGAMP, modelos estandarizados de pregos técnicos e de claúsulas administrativas para contratos de subministracións, obras e servizos, garantindo que estes respecten a autonomía organizativa das entidades locais.

2. Instar á Xunta de Galicia a poñer á disposición dos concellos galegos os ditos modelos, así como o asesoramento técnico necesario para a súa implementación, sen que iso supoña unha mingua nas facultades de decisión e control dos órganos de goberno municipais.

3. Instar á Xunta de Galicia a que esta asistencia técnica se enmarque nun modelo de cooperación leal que inclúa a dotación de recursos económicos suficientes a través do Fondo de Cooperación Local, asegurando que a estandarización administrativa vaia acompañada da suficiencia financeira necesaria para imputar as ditas licitacións.

4. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e á Federación Galega de Municipios e Provincias."

***Acceso á videoacta* – 02:04:36 horas**

A Sra. alcaldesa intervén e manifesta que a seguinte moción que presenta UxC, moción en defensa da boa xestión do Rexistro municipal, non vai ser tratada como tal, xa que non ten o carácter de moción, por non conter ningunha proposta de acordo, senón que se achega unha documentación sobre unha serie de cuestións, e pregunta á voceira de UxC se quere ou valora pasalo a un rogo.

Concedido o uso da palabra á voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, manifesta que cre que pediron non sabe cantos meses hai que se lles faga un informe para explicar ben que é unha moción, porque unha cousa son as mocións resolutivas, e outra cousa son as mocións dos grupos municipais onde se fiscaliza o labor do goberno; que aquí o que están a dicir é que o Rexistro municipal está funcionando mal, e por un caso moi concreto; que a alcaldesa di que non hai unha proposta de actuación, que se quere lle cambia e que a proposta de actuación é que o Concello de Cambre, o goberno de Cambre, se comprometa ao bo funcionamento do Rexistro municipal.

Intervén a Sra. alcaldesa e di que non se vai tratar como moción, xa que esta é unha solicitude de información; que ela dálle a posibilidade de trasladalo ou presentalo como rogo, e que isto foi contestado antes de comezar o pleno, que teñen a resposta a esta decisión; que se queren e valoran presentalo como rogo, iso é decisión deles.

A voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, manifesta que agradece que fora respostado hoxe, antes do pleno, que grazas pola transparencia e a comunicación; que evidentemente non o van cambiar como rogo e que iso

si, van proceder como corresponde e solicitar a instancias superiores, esa palabriña que usa moito a concelleira do PP, se teñen dereito ou non a facer esta moción.

A Sra. alcaldesa manifestalle que pode tomar as medidas que considere en defensa dos seus intereses.

C) ***Acceso á videoacta*** **– 02:06:31 horas**

A continuación, a Sra. presidenta dá conta da moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre a parálise das subvencións ao tecido asociativo do Concello de Cambre, e concede o uso da palabra á concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, co fin de que xustifique a urxencia.

A Sra. Prieto Lamas expón que a urxencia desta moción é que se ten que debater xa; que o mes pasado non se lles permitiu presentala porque non era unha moción, era un rogo, unha característica que teñen agora; di que a urxencia é evidente, que levan dende o 2023 sen convocatoria de subvencións e que seguen sen resolverse as anteriores, polo que cren que é urxente traer esta moción aquí agora.

(Cando son as trece horas e oito minutos auséntase do salón de sesións a concelleria Sra. Díaz Baldomir)

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Vinte (20), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Barrientos Morales, Varela Germade, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Unha (1), da Sra. Díaz Baldomir, ao terse ausentado do salón de sesións antes da votación.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a urxencia.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Rodríguez López, quen dá lectura á moción rexistrada de entrada ao núm. 202699900002594 o día 27 de abril de 2026, que transcrita di:

«**MOCIÓN SOBRE A PARÁLISE DAS SUBVENCIÓNS AO TECIDO ASOCIATIVO DO CONCELLO DE CAMBRE**

Presentase esta moción ao Pleno do 26 de marzo de 2026 de acordo co Regulamento Orgánico Municipal, no artigo 122 e 125, dentro do Título IV “Do funcionamento dos órganos de Goberno”, Capítulo I “Funcionamento do Pleno”, Sección 4ª “Do control e fiscalización polo Pleno da actuación dos demais órganos de goberno”.

Artigo 122

“1.– De conformidade co establecido no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, correspóndelle ao Pleno, como atribución non delegable, o control e a fiscalización dos órganos de goberno.

O devandito control e fiscalización exercerase a través dos seguintes medios: a) Coñecemento das resolucións ditadas polo alcalde, ou en virtude de delegación, polos concelleiros delegados, desde a última sesión plenaria ordinaria. b) Formulación de rogos e preguntas. c) Formulación de mocións. d) Requirimento de presenza para información e formulación de preguntas de membros corporativos que ostenten delegación. e) Debate sobre a

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

actuación da Comisión de Goberno. f) Moción de censura ao alcalde."

Artigo 125

"1.– De conformidade co establecido no artigo 46.2 letra e) da Lei 7/1985, segundo a nova redacción dada pola Lei 11/1999, nos plenos ordinarios, dentro da parte dedicada ao control dos demais órganos da Corporación, garantirase de xeito efectivo a formulación de rogos, preguntas e mocións.

2.– Enténdese por moción non resolutiva, a proposta presentada por un ou varios grupos políticos, ou por un concelleiro, no seu caso, para que o Pleno formule unha declaración ou manifeste a súa posición política en relación cun tema de interese municipal ou xeral, relativo ou non ás materias enumeradas nos artigos 25, 26 e 28 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local".

O Grupo Municipal Socialista quere deixar constancia de que esta iniciativa foi presentada en tempo e forma o pasado 20 de marzo, co obxectivo de ser debatida no pleno ordinario.

Porén, a Presidencia do Pleno, seguindo criterio técnico de Secretaría, non incluíu a iniciativa na orde do día ao considerar que determinados acordos implican instar á actuación do goberno municipal, entendendo que neste caso debería tramitarse como rogo e non como moción.

Sen compartir esta interpretación, e entendendo que se trata dunha moción de carácter político e non executivo conforme ao artigo 125 do ROM, o Grupo Municipal Socialista mantén a defensa do fondo da iniciativa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tecido asociativo do Concello de Cambre —especialmente as entidades culturais, deportivas e sen ánimo de lucro — constitúe un elemento esencial para a vida social, a participación veciñal e a dinamización do municipio.

Nos últimos anos consolidouse unha situación de parálise na política municipal de subvencións, caracterizada pola ausencia de convocatorias desde 2023 e pola falta de resolución das axudas correspondentes aos exercicios 2022 e 2023.

Transcorrido xa un período prolongado de xestión municipal, non se teñen adoptado medidas efectivas que permitan normalizar esta situación nin establecer un marco estable de apoio ao tecido asociativo.

As expectativas xeradas en materia de apoio ás entidades contrastan coa realidade actual, na que non existen novas convocatorias nin un calendario claro de actuación.

Esta situación evidencia unha falta de planificación e unha desconexión coa realidade das entidades, que manteñen a actividade social do municipio sen o respaldo económico necesario.

ACORDOS

Primeiro. O Pleno do Concello de Cambre manifesta a súa preocupación pola ausencia de convocatorias de subvencións municipais desde o ano 2023, así como pola falta de resolución das axudas correspondentes aos exercicios 2022 e 2023.

Segundo. O Pleno constata que esta situación supón unha parálise na política municipal de apoio ao tecido asociativo, con impacto directo na actividade, programación e viabilidade das entidades culturais, deportivas e sen ánimo de lucro.

Terceiro. O Pleno considera que o apoio ao tecido asociativo debe constituír un elemento estrutural da acción municipal, pola súa relevancia social e comunitaria.

Cuarto. O Pleno pon de manifesto a diferenza entre a capacidade do Concello para captar financiamento externo e a

ausencia de normalidade na convocatoria de subvencións locais ás entidades do municipio.

Quinto. Dar traslado do presente acordo ás asociacións do Concello de Cambre.»

(Cando son as trece horas e dez minutos reincorpórase ao salón de sesións a concelleria Sra. Díaz Baldomir, e auséntase do salón a concelleira Sra. Varela Germade, que se reincorpora cando son as trece horas e doce minutos)

(Cando son as trece horas e doce minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Castro Uzal)

Intervén a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta.

(Cando son as trece horas e catorce minutos reincorpórase ao salón de sesións o concelleiro Sr. Castro Uzal, e auséntase do salón o concelleiro Sr. Lamela Vázquez)

Intervén o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez.

(Cando son as trece horas e dezasete minutos reincorpórase ao salón de sesións o Sr. Lamela Vázquez)

Interveñen a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, e a alcadesa, Sra. Piñeiro Fernández.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, coa modificación na redacción do acordo primeiro e cuarto, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezasete (17), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abtencións: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, polo que devén en acordo quedando a parte dispositiva redactada nos seguintes termos:

"**Primeiro.** O Pleno do Concello de Cambre manifesta a súa preocupación pola ausencia de convocatorias de subvencións municipais desde o ano 2023, así como pola falta de resolución das axudas correspondentes ao exercicio 2023.

Segundo. O Pleno constata que esta situación supón unha parálise na política municipal de apoio ao tecido asociativo, con impacto directo na actividade, programación e viabilidade das entidades culturais, deportivas e sen ánimo de lucro.

Terceiro. O Pleno considera que o apoio ao tecido asociativo debe constituír un elemento estrutural da acción municipal, pola súa relevancia social e comunitaria.

Cuarto. O Pleno pon de manifesto a ausencia de normalidade na convocatoria de subvencións locais ás entidades do municipio, e a necesidade de convocar as subvencións deste ano 2026.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Quinto. Dar traslado do presente acordo ás asociacións do Concello de Cambre."

D) *Acceso á videoacta* – 02:22:53 horas

A continuación, a Sra. presidenta dá conta da moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para a defensa do municipalismo galego e a reformulación do anteproxecto da Lei de administración local de Galicia, e concede o uso da palabra á concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, co fin de que xustifique a urxencia.

A Sra. Prieto Lamas expón que a urxencia desta moción está máis que xustificada polo momento político e institucional no que se atopan; que o anteproxecto da lei de administración local de Galicia atópase nunha fase inicial pero decisiva, na que aínda é posible influír no seu contido e evitar que saia adiante sen o necesario debate e consenso.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Rodríguez López, quen dá lectura á moción rexistrada de entrada ao núm. 202699900002594 o día 27 de abril de 2026, que transcrita di:

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA A DEFENSA DO MUNICIPALISMO GALEGO E A REFORMULACIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos son a base do noso autogoberno e a administración máis próxima á cidadanía. Son quen dá resposta directa aos problemas do día a día, quen sostén os servizos públicos e quen constrúe cohesión social desde o territorio.

Desde o PSdeG defendemos un municipalismo forte e autónomo, que reforce o papel da administración local como ferramenta clave para a igualdade, o equilibrio territorial e o progreso. Por iso, a Lei de Administración Local debe pasar por máis financiamento, máis participación real e máis autonomía. Trátase dunha norma fundamental —a verdadeira Constitución dos concellos—, porque define como se organizan, que competencias teñen e con que medios e financiamento contan.

Galicia precisa, por tanto, unha lei moderna, clara e ambiciosa, que dea máis capacidade, máis recursos e máis autonomía aos concellos. Pero o anteproxecto sometido á exposición pública pola Xunta —nun prazo claramente insuficiente para a súa análise e a presentación de propostas— non vai nesa dirección. Así o destacan as alegacións presentadas polas Deputacións, concellos e a propia FEGAMP.

Non estamos ante unha lei de municipalismo, senón ante un texto que recentraliza o poder na Xunta de Galicia, limita a autonomía local e impón novas obrigas sen garantir os orzamentos necesario. En lugar de fortalecer aos concellos, debilítaos e sitúaos nun papel subordinado. O anteproxecto amplía de forma significativa as funcións e obrigas de concellos e deputacións, pero faino sen garantir tres elementos esenciais: o financiamento suficiente para asumir esas competencias, a participación real das entidades locais na elaboración da norma e o respecto á súa autonomía organizativa e competencial.

A isto súmase un proceso de elaboración que deixa moito que desexar. Non houbo consulta pública previa, nin participación real das entidades locais, nin transparencia suficiente. Faltan memorias económicas e informes clave, o que impide avaliar o impacto real da norma e limita o debate democrático.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

No seu contido, o texto presenta carencias importantes: non define un modelo claro de municipalismo, introduce unha regulación aínda máis confusa das competencias que a lei actual e non garante os recursos suficientes para atender uns servizos de calidade, deixando fóra ámbitos esenciais. Ademais, omite a regulación de bens, patrimonio, actividades e servizos locais, a diferenza do que fan o resto das comunidades autónomas.Tamén debilita o uso do galego, cuestiona elementos propios do noso modelo territorial e impón obrigas pouco realistas para moitas entidades locais, especialmente as máis pequenos, chegando mesmo a contemplar fusións obrigatorias.

En definitiva, estamos ante un claro retroceso. Galicia necesita unha lei que fortaleza os seus concellos, que respecte a súa autonomía e garanta os medios necesarios para responder á cidadanía. Unha lei construída desde o diálogo, coa participación das entidades locais e cun compromiso claro co municipalismo.

ACORDOS

O Pleno do Concello de Cambre a proposta do Grupo Municipal Socialista, adopta os seguintes acordos:

1. **Rexeitar o Anteproxecto de Lei de Administración Local de Galicia**, por supoñer unha regresión na autonomía municipal e unha recentralización do poder en favor da Xunta.

2. **Instar á Xunta de Galicia a retirar e reformular substancialmente o anteproxecto** antes da súa tramitación parlamentaria, para adecualo aos principios constitucionais de autonomía local e suficiencia financeira recollidos nos artigos 137, 140, 141 e 142 da Constitución Española e no artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local.

3. **Esixir á Xunta de Galicia que, con carácter previo á redacción dun novo texto**, leve a cabo a consulta pública previa legalmente obrigatoria e facilite as memorias económicas que xustifiquen o custo real das competencias que se pretendan atribuír ás entidades locais, garantindo así a participación efectiva de concellos, deputacións e partidos políticos.

4. **Reclamar a fixación por lei dunha porcentaxe mínima garantida de participación dos concellos galegos** nos ingresos da Comunidade Autónoma a través do Fondo de Cooperación Local, que non poida ser reducida unilateralmente mediante as leis de orzamentos anuais.

5. **Demandar a creación de fondos específicos, estables e con dotación orzamentaria suficiente** para compensar aos concellos e deputacións polos gastos derivados de servizos de competencia autonómica, como o mantemento de centros de saúde, centros educativos e centros de educación especial.

6. **Reivindicar que calquera regulación das fusións municipais respecte a vontade das poboacións afectadas**, mediante a celebración dun referendo previo, conforme ao artigo 5 da Carta Europea de Autonomía Local, e que calquera fusión de carácter obrigatorio requira lei expresa do Parlamento de Galicia.

7. **Instar á Xunta de Galicia a ampliar e flexibilizar os criterios de definición dos municipios en situación de reto demográfico**, adoptando un modelo máis inclusivo e adaptado á realidade galega, e a concretar medidas de apoio con garantías xurídicas e dotación orzamentaria suficiente.

8. **Reforzar o compromiso coa lingua galega**, garantindo o seu uso normal e promovendo políticas activas de normalización desde os concellos.

9. **Dar traslado destes acordos** á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia, á FEGAMP e ás Deputacións Provinciais.”

Intervén a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta.

(Cando son as trece horas e trinta minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Varela Fraguío)

Intervén o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez.

(Cando son as trece horas e trinta e catro minutos reincorpórase ao salón de sesións o concelleiro Sr. Varela Fraguío)

Interveñen o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezasete (17), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abtencións: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

(Cando son as trece horas e trinta e nove minutos a Sra. alcaldesa informa de que se vai producir un receso na sesión debido a que tanto ela como a Sra. secretaria deben asinar unha documentación que precisa estar presentada antes das 15.00 horas.

Cando son as trece horas e cincuenta e oito minutos reanúdase a sesión)

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

***Acceso á videoacta* – 02:39:16 horas**

Non se dá conta de ningún asunto neste punto da orde do día.

4.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

***Acceso á videoacta* – 02:39:19 horas**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 84 resolucións numeradas da 239 á 322 do ano 2026, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

239/2026	20/03/2026	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de febreiro de 2026 por importe de 63.894,34 euros
240/2026	23/03/2026	Autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas por importe de 4.570,56 euros en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a ARF, arquitecto municipal do Concello de Cedeira, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos subscrito entre o Concello de Cambre e o Concello de Cedeira aprobado por Resolución da Alcaldía nº 912/2025 de data 26 de setembro de 2025
241/2026	23/03/2026	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de marzo de 2026
242/2026	24/03/2026	Expedientes sancionadores de tráfico
243/2026	24/03/2026	Aprobar a adhesión ao convenio publicado no DOG do 29 de decembro de 2025 entre a Xunta de Galicia e SEAGA para a xestión da biomasa nas faixas secundarias
244/2026	24/03/2026	Nomear a RCS axente de protección civil interino, encadrado na escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional “C2” e adscrito ao departamento de Protección Civil
245/2026	24/03/2026	Aprobar e dispor o gasto, e recoñecer e liquidar obrigas a prol de BG ySA SL por importe de 2.306,43 euros, en concepto de xuros, e por importe de 200,00 euros en concepto de costes de cobro, en execución de sentenza do Xulgado contencioso administrativo nº 1 da Coruña recaída no procedemento abreviado 125/2025
246/2026	24/03/2026	Modificar o horario de celebración da sesión extraordinaria da Comisión Especial de Contas convocada para o día 27 de marzo de 2026, que pasará a celebrarse ás 10:00 horas da mañá
247/2026	24/03/2026	Expedientes sancionadores de tráfico
248/2026	25/03/2026	Autorizar a FJME a que preste servizos como condutor asalariado a xornada completa e con dedicación exclusiva, adscrito á licenza de taxi pertencente JLSF, isto de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de vehículos de persoas en vehículos de turismo de Galicia e no artigo 37.2 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei
249/2026	25/03/2026	Comparecer no procedemento ordinario 37/2026 LIV, S.L., contra a desestimación presunta, por silencio negativo, do concello de Cambre da reclamación presentada en data 12.05.2025 de principal e xuros de mora, e costes de cobro correspondentes, ao contrato de mantemento de zonas axardinadas do termo municipal de Cambre, respecto das facturas emitidas durante o período comprendido entre o 31.10.2024 e o 28.02.2025, perante o Tribunal da Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, praza nº 3 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación provincial
250/2026	25/03/2026	Autorizar a MGGE a que preste servizos como condutor asalariado, a xornada completa e con dedicación exclusiva, adscrito á licenza de taxi pertencente a AAS isto de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de vehículos de persoas en vehículos de turismo de Galicia e no artigo 37.2 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei
251/2026	25/03/2026	Aprobar a nómina de atrasos correspondente aos incrementos retributivos aprobados polo Real Decreto Lei 4/2024, de 26 de xuño, a Orde PJC/681/2025, de 1 de xullo e o Real Decreto-Lei 14/2025, de 2 de decembro “Incrementos salariais do ano 2024 e de xaneiro a novembro de 2025”
252/2026	25/03/2026	Corrección de erro material e erro aritmético na resolución nº 1291/2025 de data

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		19 de decembro de 2025, de aprobación de gratificacións por servizos extraordinarios á técnica de xestión de Administración Xeral, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos subscrito entre os concellos de Cambre e Culleredo
253/2026	25/03/2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MTCR
254/2026	25/03/2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MEDD
255/2026	27-03-2026	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para adoptar o acordo de non dividir en lotes o investimento obxecto do seguinte proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 4b/2025 Proxecto técnico de mellora da pista polideportiva de O Temple
256/2026	27-03-2026	Comparecer no procedemento contra a desestimación presunta por silencio administrativo das solicitudes presentadas os días 05 e 19 de marzo de 2025, PLC, JLLB, ALB, MªTSC, ALS e ILS denunciando o convenio urbanístico subscrito co Concello de Cambre e solicitando a desocupación da finca e o pagamento da débeda existente, perante o Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 da Coruña, exercitando este concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial
257/2026	27-03-2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 10.03.2026, tendo en conta o informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino con data 18.03.2026. Aprobar as facturas por importe total de 3.141,66 euros
258/2026	27-03-2026	Ratificar a resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 227/2026, do 16 de marzo, e, polo tanto, autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas por importe de 3867,45 euros en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a BIS técnica de xestión de administración xeral do Concello de Culleredo, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos subscrito entre o Concello de Cambre e o Concello de Culleredo o 16 de outubro de 2025
259/2026	26/03/2026	Ratificar a Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 240/2026, do 23 de marzo, e, polo tanto, autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas por importe de 4.570,56 euros en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a ARF arquitecto municipal do Concello de Cedeira, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos subscrito entre o Concello de Cambre e o Concello de Cedeira aprobado por Resolución da Alcaldía nº 912/2025 de data 26 de setembro de 2025
260/2026	27-03-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 31 de marzo de 2026
261/2026	30-03-2026	Dar acceso a MYDB ao expediente correspondente ao contrato menor de servizos para a comparecencia do Concello de Cambre como acusación particular nas dilixencias previas procedemento abreviado que se seguen no Xulgado de Instrución número 3 da Coruña e nas dilixencias previas procedemento abreviado que se seguen no Xulgado de Instrución número 5 da Coruña

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

262/2026	30-03-2026	Dar acceso a DMC ao expediente correspondente ao contrato menor de servizos para a comparecencia do Concello de Cambre como acusación particular nas dilixencias previas procedemento abreviado que se seguen no Xulgado de Instrución número 3 da Coruña e nas dilixencias previas procedemento abreviado que se seguen no Xulgado de Instrución número 5 da Coruña
263/2026	30-03-2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 06.03.2026, tendo en conta os informes emitidos polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 16.03.2026 e 18.03.2026. Aprobar as facturas por un importe total de 138.240,24 euros
264/2026	30-03-2026	Conceder a licenza para o construción dunha nave industrial sen uso a situar na rúa Daimler do Polígono Industrial “Espíritu Santo” – Cecebre. Solicitante: FJCG
265/2026	30-03-2026	Revogar, con efectos 1 de xaneiro de 2026, a bonificación (Tarifa 1.B) na cota da taxa por subministración de auga potable concedida no seu día, por mor de non ter achegado a renovación do seu título de familia numerosa no prazo establecido na ordenanza fiscal núm. 15 (antes do 28 de febreiro de cada ano), e constar como caducado o dito título na documentación dispoñible nos servizos económicos municipais. Desestimar as solicitudes relacionadas por presentarse fóra de prazo
266/2026	30-03-2026	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 4/2026 por un importe de 40.000,00 euros
267/2026	30-03-2026	Solicitar á Consellería de Política Social e Igualdade a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, sendo o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral do anexo V, de 990.966,17 €,
268/2026	30-03-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro. Solicitante: SCRdeR
269/2026	30-03-2026	Considerar desistida a PLF da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 14/01/2026, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
270/2026	30-03-2026	Considerar desistida a MdeJCG da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 18/12/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
271/2026	30-03-2026	Considerar desistida a JAV da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 21/01/2026, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
272/2026	30-03-2026	Aprobar a nómina do mes de marzo de 2026 cun importe total de retribucións brutas 300.977,25 euros
273/2026	31-03-2026	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2025 correspondente ao mes de xuño 2025 por un importe total de 1.267,04 euros
274/2026	31-03-2026	Aprobar os gastos correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de febreiro de 2026, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes e o seu pagamento por importe total de 83.739,81 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 24/08/2026 11:08:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 24/08/2026 11:28:00)
Versión imprimible
CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		febreiro de 2026 por importe de 20.880,51 euros
275/2026	01-04-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 7 de abril de 2026
276/2026	06-04-2026	Acceder ao solicitado e remitirlle a MDPL a documentación solicitada
277/2026	06-04-2026	Dar acceso a MCPM ao expediente correspondente ao contrato menor de servizos para a comparecencia do Concello de Cambre como acusación particular nas dilixencias previas procedemento abreviado 0001700/2024 que se seguen no Xulgado de Instrución número 3 da Coruña e nas dilixencias previas procedemento abreviado 259/2023 que se seguen no Xulgado de Instrución número 5 da Coruña
278/2026	07-04-2026	Dar acceso a JGL ao expediente correspondente á licenza de obras de ampliación de farmacia situada no lugar de Volteiro, parroquia de Cecebre
279/2026	07-04-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
280/2026	07-04-2026	Aprobar o padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: “Xogando no Nadal 2025” (1ª quenda: do 22 ao 26 de decembro de 2025, ambos incluídos, por un importe total de 176,00 €. Aprobar o padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: “Xogando no Nadal 2025” (2ª quenda: do 29 de decembro de 2025 ao 7 de xaneiro de 2026, ambos incluídos, por un importe total de 421,20 €
281/2026	07-04-2026	Convocar proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de educador/a social cando se dean as circunstancias que legalmente o permitan. Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria
282/2026	07-04-2026	Aprobar a autorización, disposición e recoñecemento das obrigas, así coma o pagamento de 60,00 euros
283/2026	09-04-2026	Aprobar as facturas por un importe total de 11.650,83 euros
284/2026	09-04-2026	Aprobar as facturas por un importe total de 57.966,60 euros
285/2026	10-04-2026	Aprobar o aboamento da nómina proporcional e complementaria correspondente ao mes de febreiro de 2026 de MMFL por un importe total bruto de 308,79 €
286/2026	10-04-2026	Convocatoria da sesión ordinaria Xunta Goberno Local do día 14 de abril de 2026
287/2026	10-04-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
288/2026	13-04-2026	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así como o seu pagamento de 556.243,60 euros, a favor do Consorcio das Mariñas, pola taxa de recollida do lixo do terceiro trimestre de 2025
289/2026	13-04-2026	Nomear a RJP como enxeñeiro técnico de obra pública interino, encadrado na escala de Administración Especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional “A-2” por acumulación de tarefas, de conformidade co art. 23.2 d) da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia
290/2026	13-04-2026	Aprobar a incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2025 número 2/2026 por importe de 199.187,43 euros por ser obrigatoria ao financiarse por importe de 199.187,43 euros con compromiso de ingreso
291/2026	13-04-2026	Nomear a JCG como enxeñeiro técnico de obra pública interino, encadrado na escala de Administración Especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional “A-2” por acumulación de tarefas, de conformidade co art. 23.2 d) da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia
292/2026	14-04-2026	Complementar a resolución núm. 289/2026, de data 13 de abril, de nomeamento RJP como enxeñeiro técnico de obras públicas interino, encadrado na escala de Administración Especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional “A-2”, por acumulación de tarefas, dispoñendo que o período da acumulación será de nove (9) meses, máximo previsto no art. 23.2 d) da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia
293/2026	15-04-2026	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de marzo de 2026 por importe de 67.671,52 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así como o pagamento de 67.671,52 euros
294/2026	15-04-2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención providencia- facturas de data 01.04.2026, no que se emite informe de reparo suspensivo, entre outras, ás facturas que se sinalan na consideración quinta, sexta e sétima do mesmo tendo en conta os informes emitidos pola coordinadora de Servizos sociais de data 01.04.2026, polo oficial en funcións de xefe da policía local de data 06.04.2026, polo responsable do sistema informático con data 06.04.2026 e polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino con data 10.04.2026. Aprobar as facturas por importe total de 254.670,04 euros
295/2026	15-04-2026	Comparecer no procedemento citado perante o Xulgado do Social número 2 da Coruña, demanda procedemento ordinario de JGG contra o Concello de Cambre, exercitando este concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de Asistencia Xurídica da Excma. Deputación da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
296/2026	15-04-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
297/2026	16-04-2026	Aprobar a relación de aspirantes que formarán parte da listaxe para posibles nomeamentos interinos de enxeñeiros de camiños, canais e portos
298/2026	16-04-2026	Inscribir a unión non matrimonial entre DVL e JEE no Rexistro Municipal de Unións non matrimoniais do Concello de Cambre, co número 01/2026, con efectos do 31 de marzo de 2026
299/2026	17-04-2026	Aprobar a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo convocado para a elaboración de relación de candidatos/as para a cobertura dunha praza de funcionario/a interino/a de xefe/a de unidade de réxime interior, encadrado na escala de Administración Especial, subescala técnica, clase técnicos/as medios/as, pertencentes ao subgrupo "A2
